



ANEXO VII. PLAN DE FORMACIÓN CONTINUA DO PERSOAL (SOBRE B)

Don/Dona:	José Ignacio Jiménez Pereira
Representando a:	Asociación Ciudadana de Lucha Contra la Droga "Alborada"
Contrato de servizos con Número de expediente: 51/2020 consistente na "EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN AMBULATORIA CON ADOLESCENTES EN SITUACIÓN DE DIFICULTADE SOCIAL E DESPROTECCIÓN."	

En representación da entidade indicada, e en relación co lote que de seguido indícase:

Lote número: Único	
	NON se conta cun plan de formación continua para o persoal ofertado.
<input checked="" type="checkbox"/>	SI se conta cun plan de formación continua para o persoal ofertado.

Contido do Plan de formación continúa	
a)...Os obxectivos e contidos das actividades formativas	<p>Os obxectivos das actividades formativas están expostos con claridade e detalle no Sobre B (Documentación da proposta non avaliable mediante fórmulas matemáticas), no Capítulo 5 "Plan de Formación", no punto 1.</p> <p>Os contidos das actividades formativas están expostos con claridade e detalle no Sobre B (Documentación da proposta non avaliable mediante fórmulas matemáticas), no Capítulo 5 "Plan de Formación", no punto 2.</p>
b)...Os perfís profesionais das persoas destinatarias	<p>Os perfís profesionais das persoas destinatarias están expostos con claridade e detalle no Sobre B (Documentación da proposta non avaliable mediante fórmulas matemáticas), no Capítulo 5 "Plan de Formación", no punto 3 "Metodoloxía do Plan de Formación":</p> <ul style="list-style-type: none">no apartado 3.1. "Formación Interna", na Fase 2 "Deseño e planificación da formación"no apartado 3.2. "Formación Externa"
c)...A duración prevista en horas	<p>A duración prevista en horas está descrita no Sobre B (Documentación da proposta non avaliable mediante fórmulas matemáticas), no Capítulo 5 "Plan de Formación", no punto 3 "Metodoloxía do Plan de Formación":</p> <ul style="list-style-type: none">no apartado 3.1. "Formación Interna", na Fase 2 "Deseño e planificación da formación"no apartado 3.2. "Formación Externa"



d)...O perfil profesional ou formativo das persoas encargadas da docencia

O perfil profesional ou formativo das persoas encargadas da docencia están expostos con claridade e detalle no Sobre B (Documentación da proposta non avaliable mediante fórmulas matemáticas), no Capítulo 5 “Plan de Formación” , no punto 3 “Metodoloxía do Plan de Formación”:

- no apartado 3.1. “Formación Interna”, na Fase 2 “ Deseño e planificación da formación”
- no apartado 3.2 “Formación Externa”

En Vigo, 20 de outubro de 2020.

Asinado: José Ignacio Jiménez Pereira

Programa de Intervención Ambulatoria
con Adolescentes en situación de dificultade social
e desprotección


Aclad **Alborada**

SOBRE B

Documentación da proposta non avaliable
mediante fórmulas matemáticas

5

Plan de Formación /



Plan de Formación /

1. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE FORMACIÓN CONTINUA

páxinas
05 - 06

2. CONTIDOS XERAIS DO PLAN DE FORMACIÓN CONTINUA

páxinas
06 - 07

3. METODOLOXÍA DO PLAN DE FORMACIÓN

páxinas
08 - 11

- 01 Formación interna
- 01 Formación externa

4. FORMACIÓN INICIAL PARA OS TRABALLADORES DE NOVA INCORPORACIÓN

páxinas
11 - 12

5. REXISTROS ASOCIADOS AO PLAN DE FORMACIÓN

páxinas
13 - 20

6. FORMACIÓN REALIZADA ENTRE OS ANOS 2017 E 2019

páxinas
21 - 29

7. PLAN DE FORMACIÓN PARA OS PRÓXIMOS ANOS

páxinas
30 - 38

5. PLAN DE FORMACIÓN CONTINUA PARA O PERSOAL DE ACLAD ALBORADA

Un dos valores da “Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga ALBORADA”, foi sempre o de **potenciar a cualificación dos/as seus/súas profesionais** mediante a participación en actividades de formación continua relacionadas co desempeño da súa función. Así, entendemos a formación como elemento estratéxico, clave para o mantemento e mellora da nosa misión, “acadar a incorporación social dos/as menores con dificultades familiares, sociais, académicas e/ou condutuais”, xa que, a formación continua ten como principal obxectivo a capacitación e actualización permanente das competencias (coñecementos, habilidades e destrezas) do persoal; o que se busca é, que cada profesional sexa capaz de executar do xeito máis óptimo as súas funcións dunha maneira eficiente e eficaz e isto lle permita, asemade, desenvolverse profesionalmente, aspectos que repercutiran positivamente no traballo coa persoa menor e as súas familias.

1. Obxectivos xerais do Plan de Formación Continua

A formación continua convencional céntrase no modo de intervir nas problemáticas dos adolescentes, cando estas xa están dándose ou iniciándose na vida do/a mozo/a e en formación específica aos profesionais para adquirir as competencias necesarias e alcanzar un mellor rendemento no seu traballo.


A ampla experiencia do equipo multidisciplinar dos Programas de Centro de Día de Atención ao Menor e de Intervención Ambulatoria con Adolescentes en situación de dificultade social e desprotección da ACLAD Alborada facilitou a innovación no plan de formación. Os profesionais que desenvolven a súa labor con adolescentes deben non só intervir dun modo áxil e eficaz na problemática que presenten os e as menores, senón que paralelamente debe previr ou detectar outras posibles problemáticas asociadas que poden

empeorar a evolución no proceso de recuperación do mozo/a.

Para elo os/as profesionais de Alborada manteñen unha continua avaliación en formación nas distintas tipoloxías de problemas que poderían afectar aos nosos usuarios, ao seu entorno e aos profesionais.

Os obxectivos xerais do Plan de Formación continua serán:

- Detectar as problemáticas existentes nos/as adolescentes, familias e na súa contorna.
- Escoller a formación máis axeitada na prevención, detección e intervención en ditas problemáticas.
- Potenciar unha formación flexible e adaptada a todas as novas situacións que poidan xurdir na sociedade, en xeral, ou no perfil das persoas adolescentes, en particular.
- Favorecer a formación necesaria dos e das profesionais nas técnicas de prevención de riscos laborais existentes para unha mellor calidade do recurso.
- Proporcionar novas técnicas e ferramentas ao persoal para que a intervención cos adolescentes en situación de dificultade social e desprotección sexa axeitada e específica.
- Dotar ao equipo de novas estratexias para enfocar a intervención coas familias/familias de acollemento dos/as adolescentes, ou coas casas de familia.
- Recibir a formación necesaria para o axeitado funcionamento do recurso.



2. Contidos xerais do Plan de Formación Continua

Prioritariamente os contidos deben centrarse en mellorar as ferramentas profesionais do equipo multidisciplinar en relación á intervención co/a neno/a ou adolescente dende os ámbitos psicolóxico e socioeducativo. Pero a isto deben engadirse outros temas complementarios e igual de importantes nos que os profesionais deben formarse. Os contidos polo tanto se dividirán en:

Formación sobre adolescencia en situación de dificultade social e desprotección:

- Diminución ou desaparición das condutas disociais, agresivas e violentas.
- Prevención do delito ou da reincidencia.
- Prevención do consumo, diminución ou desaparición do uso ou abuso de drogas e de condutas aditivas.
- Modos de intervención no ámbito escolar: problemáticas académicas.
- Prevención e intervención en tódolos tipos de violencia: de xénero, filioparental, escolar, sexual, nas redes sociais, etc.
- Prevención, detección e intervención coa vítima de calquera tipo de violencia: de xénero, filioparental, escolar, sexual, nas redes sociais, etc.
- Novas ferramentas para a prevención, detección e intervención en igualdade acoso e discriminación.
- Técnicas adaptadas os novos tempos para a educación en valores.
- Problemáticas novidasas que xurdan con respecto á adolescencia e modos de previlas, detectalas e intervir.
- Trastornos psicopatolóxicos: detección e intervención multidisciplinar.
- Intervención individual e grupal en abuso sexual infantil sobre vítimas e/ou agresores menores.
- Novas estratexias e ferramentas de intervención co/a neno/a ou adolescente en situación de dificultade social e desprotección.

- Redes Sociais: novos marcos de risco para as persoas adolescentes (Facebook, Twitter, Instagram...).
- Fomentar a igualdade na fase da adolescencia.


Formación para a intervención con familias de adolescentes situación de dificultade social e desprotección:

- Recursos educativos adaptados as novas problemáticas: redes sociais, videoconsolas, etc.
- Prevención e intervención da violencia filiofamiliar.
- Detección e intervención do maltrato ou abuso sexual no ámbito familiar.
- Pautas para unha boa dinámica e colaboración da familia coa rede de profesionais que interveñen co seu menor.
- Ferramentas para as familias para a prevención das problemáticas máis características da adolescencia.
- Novas orientacións na intervención familiar. Pautas de comunicación funcionais.
- Diversidade actual na tipoloxía familiar: distintos enfoques para a diversidade familiar.

Formación de prevención de riscos laborais:

- Actividades formativas para o director (factor humano na condución, mellorar as habilidades de comunicación, normas de seguridade, e medidas preventivas integradas).


- Actividades formativas para o educador/a (factor humano no posto, normas de seguridade, correcta utilización dos equipos de traballo e protección, riscos e medidas preventivas integradas).
- Actividades formativas para o psicólogo/a (factor humano no posto, correcta utilización dos equipos de traballo e protección, riscos e medidas preventivas integradas).
- Actividades formativas para o profesor/a (factor humano no posto, correcta utilización dos equipos de traballo e protección, riscos e medidas preventivas integradas).
- Actividades formativas para o persoal de limpeza (factor humano no posto, correcta utilización dos equipos de traballo e protección, riscos e medidas preventivas integradas, manexo e almacenamento de produtos químicos).
- Emerxencias e primeiros auxilios xestionando as primeiras intervencións para o efecto.
- Riscos e medidas preventivas en la exposición a axentes biolóxicos.



3. Metodoloxía do Plan de Formación: Plan de Formación e Investigación

Na ACLAD Alborada, e dentro do “**Plan de Formación e investigación**”, resultante da posta en marcha do **Plano Estratéxico dos Programas Centro de Día de Atención ao menor e Intervención Ambulatoria con adolescentes en situación de dificultade social e desprotección**, contéplase a mesma dende unha dupla perspectiva: A **Formación Interna** e a **Formación Externa**.

Plan de Formación Continua para o persoal de Aclad Alborada



3.1. Formación Interna:

Denominamos como Formación Interna a formación continua impartida de xeito grupal directamente aos profesionais de Alborada en base as súas necesidades ou preferencias formativas. Esta formación ven determinada por un proceso de xestión de calidade da formación continua e consta das distintas fases:

- Identificación e análise das necesidades formativas.
- Deseño e planificación da formación.
- Execución do plan de formación (seguimento).
- Avaliación dos resultados e impacto da formación.
- Implementación de accións de mellora e correctivas.

FASE 1. IDENTIFICACIÓN E ANÁLISE DAS NECESIDADES FORMATIVAS

Esta primeira fase é a base para o correcto desenvolvemento do plan de formación e investigación, xa que é o punto de partida e de referencia para todo o proceso.

Así, no derradeiro trimestre do ano, e co obxectivo de identificar os problemas ou puntos a mellorar, a responsable de Formación de Alborada pasa unha enquisa a tódolos profesionais onde se establecen as súas preferencias e necesidades formativas. Polo xeral, estas necesidades xorden de catro tipos de causas:

- Problemas de desempeño no traballo coa persoa menor e as súas familias, innovacións ou novas propostas na intervención, metodoloxía, aparición de novas dificultades, etc.
- Introducción das novas tecnoloxías.
- Cambios legais e/ou introdución de novas normas.
- Coñecemento de novos programas, servizos, recursos, etc.
- Formación de prevención de riscos laborais.

FASE 2. DESEÑO E PLANIFICACIÓN DA FORMACIÓN

Nesta segunda fase a profesional encargada do deseño da formación, tendo en conta os resultados da enquisa de necesidades formativas do persoal e as necesidades do servizo, elabora con carácter anual un plan de formación baseado en dúas modalidades de acción formativas:

A. Ponencias periódicas:

Lugar de realización: nas instalacións do Centro de Menores de Alborada.

Perfiles profesionais das persoas destinatarias: Psicólogo/as, médicos/as, educadores/as sociais, mestres/as e monitoras/es de Alborada.

Duración prevista en horas: dous horas mínimo cada sesión.

Perfil profesional ou formativo das persoas encargadas da docencia: Profesionais (psicólogos, médicos, psiquiatras, educadores, mestres,...) tanto do noso propio recurso coma externos, cunha experiencia laboral demostrada no ámbito dos adolescentes de mínimo cinco anos e unha especialización oficial dalgunha problemática específica (drogas e adicións, condutas violentas, abuso, igualdade, sexualidade, saúde, trastornos da conduta...) da adolescencia.

B. Sesións clínicas formativas semanais:

Estas sesións son intercambios de experiencia profesional e formativa entre os propios profesionais dos distintos dispositivos de ACLAD Alborada. En ocasións invítase a profesionais de outros recursos para o intercambio de coñecementos e experiencias.

Lugar de realización:

UAD Alborada, ubicada na Rúa Isaac Peral, 6. Vigo.

Perfiles profesionais das persoas destinatarias:

Psicólogo/as, psiquiatras, médicos, educadores/as sociais, mestres, traballadoras sociais e monitoras/es de tódolos dispositivos da Asociación Alborada.

Duración prevista en horas: entre unha e dous horas cada sesión con frecuencia semanal.

Perfil profesional ou formativo das persoas encargadas da docencia: profesionais (psicólogos, psiquiatras,, médicos, educadores, mestres, etc) de ACLAD Alborada coa especialización da intervención no ámbito das problemáticas relacionadas co uso, abuso e dependencia de drogas e adicións sen sustancia.

Os contidos destas sesións poden referirse as seguintes áreas, pero todos eles relacionados ca problemática do uso, abuso e dependencia de drogas e adicións sen sustancia :

- Ámbito científico
- Ámbito da actualidade na investigación
- Ámbito da experiencia profesional: exposición e seguimento de casos

Para a elaboración deste plan de formación teñanse en conta aspectos clave como: Identificación dos recursos dispoñibles (financieros, infraestruturas, etc.), obstáculos e limitacións para o desenvolvemento da formación, priorización das áreas de mellora, establecemento de obxectivos a acadar coa formación, definición de accións formativas acordes con obxectivos perseguidos, selección dos provedores da formación (tanto internos como externos), elaboración/adquisición do material formativo e documentación precisa, calendario do plan formativo e o establecemento dos criterios de avaliación das accións formativas en particular e do Plan de Formación en xeral.

Por último, o conxunto deste Plan de Formación é aprobado polo Equipo Psicoeducativo dos Programas de Centro de Día de Atención ao Menor e Intervención Ambulatoria con Adolescentes en situación de dificultade social e desprotección de Alborada.

FASE 3. EXECUCIÓN DO PLAN DE FORMACIÓN (SE-QUEMENTO)

Unha vez planificados todos os aspectos do proceso formativo o seguinte paso é a posta en marcha do planificado.

Para o adecuado desenvolvemento desta fase é fundamental informar ao formador sobre os detalles relativos á formación (obxectivos, contidos, metodoloxía, perfil dos destinatarios, etc.), apoio ao proceso formativo, facilitar, na medida do posible, os recursos necesarios, facilitar a flexibilidade laboral para facilitar a participación dos diferentes profesionais e seguimento por parte da responsable de formación do desenvolvemento das accións formativas para asegurar a calidade do proceso e a súa correcta realización.

FASE 4. AVALIACIÓN CUANTITATIVA E CUALITATIVA DOS RESULTADOS E IMPACTO DA FORMACIÓN

A avaliación da formación é vital dentro dos esforzos para acadar que esta sexa de calidade, é dicir, unha formación adaptada ás necesidades reais dos progra-

mas do Centro de día de Atención ao Menor e do Programa de Intervención Ambulatoria con adolescentes en situación de dificultade social e desprotección que se leve a cabo axeitadamente, sexa efectiva, eficaz e rentable para os diferentes profesionais, as persoas menores e as súas familias.

Para valorar as diferentes accións formativas os participantes cobren un cuestionario de satisfacción que inclúe os seguintes aspectos: deseño e planificación, proceso de impartición, coñecementos adquiridos e posibilidade de aplicación dos mesmos no traballo diario.

FASE 5. IMPLEMENTACIÓN DE ACCIÓNS DE MELLORA E CORRECTIVAS

Esta fase céntrase na análise dos resultados obtidos nas avaliacións realizadas na anterior fase co obxecto de propoñer e introducir medidas de mellora e correctivas.

Así partindo dos resultados da fase de avaliación deberá elaborarse un Informe de Accións Correctivas na Formación que deberá servir como piar básico a hora de elaborar o plan formativo do vindeiro ano. Este informe recollerá.

- Identificación das áreas de deficiencia, aspectos que requiren actuacións de mellora, do proceso de xestión da formación.
- Análise das causas que orixinan as deficiencias detectadas.
- Accións Preventivas e Correctivas que solucionen os problemas detectados.

3.2. Formación Externa

Por outra banda o Plan de Formación e Investigación busca a promoción da **asistencia e participación** do persoal de ACLAD Alborada **en actividades formativas** realizadas por outras entidades ou institucións. Para isto, e tal como se recolle no Artigo 16 do Convenio Colectivo da ACLAD Alborada, *Alborada facilitará a información relativa a formación recibida. Ademais os traballadores de Alborada poderán dispor de sete días ou cincuenta e seis horas laborables ao ano para formación, sen computar aquelas para as que algún profesional sexa designado como membro de Comités Científicos ou Investigadores nin cando presenten relatorios ou comunicacións relacio-*

nadas coa súa actividade profesional en representación da Asociación.

O proceso desta modalidade formativa será o seguinte:

1. Fomento de canles de información respecto as diferentes accións formativas que poden ser de interese para o Equipo Psicoeducativo (roldas de correo, información da propia asociación ou a través das redes coas que traballamos, etc)
2. Solicitude da acción formativa á Dirección e Xerencia da ACLAD Alborada que, dependendo das necesidades do servizo, e do interese da mesma para o traballador e o desempeño das súas funcións aceptarán, ou non, a asistencia á mesma dentro do horario laboral.
3. Participación na acción formativa e inclusión no Rexistro de formación do Programa de Intervención Ambulatoria con adolescentes en situación de dificultade social e desprotección.
4. Enquisa valorando a participación, os coñecementos adquiridos e posibilidade de aplicación dos mesmos no traballo diario. Informar ao equipo dos resultados da mesma e de toda cantidade de información poida mellorar e innovar no quefacer diario dos Programas de Centro de día de Atención ao Menor e de Intervención Ambulatorio con adolescentes en situación de dificultade social e desprotección.
5. Informe de Formación Externa que se recollera nas diferentes Memorias Anuais.

Contidos: Os contidos da formación externa deben estar relacionados cos distintos ámbitos de intervención no posto de traballo, podendo ser enfocados a prevención, a detección ou a intervención da problemática.

Lugar: Calquera organización que teña abalada a súa experiencia, profesionalidade e sexa oficialmente recoñecida.

Duración prevista en horas: a asociación concede os seus profesionais sete días laborables para poder asistir a formación externa.

No caso de que o profesional acuda a unha formación como asistente pero participe nunha ponencia, comunicación ou mesa non se lle computará coma día de formación, facilitándolle o que poida optar o total de días de formación e á vez participar como profesional formador representante da nosa asociación.

Perfiles profesionais das persoas destinatarias: Psicólogo/as, educadores/as sociais, mestre e monitoras/es dos Centro de día de Atención ao Menor e do Programa de Intervención Ambulatoria con adolescentes en situación de dificultade social e desprotección.

Perfil profesional ou formativo das persoas encargadas da docencia: profesionais (psicólogos, educadores, mestres, etc.) cunha experiencia laboral e formativa demostrada no ámbito dos adolescentes en conflito e unha especialización oficial nalgunha problemática específica (drogas, adicións, condutas, abuso, violencia, igualdade, ...) da adolescencia.

4. Formación inicial para os traballadores de nova incorporación

Fundamentación

Cando un/a novo/a profesional incorpórase ao proxecto do Centro de Menores de ACLAD Alborada (Centro de Día e Programa Ambulatorio), ten que seguir un proceso formativo que non só inclúe a súas propias funcións profesionais, senón tamén o coñecemento dos fundamentos básicos da intervención coas persoas adolescentes e as súas familias, a base documental e legislativa, o funcionamento interno da Asociación, as boas prácticas, a misión, a visión etc.

É necesario que o seu coñecemento do recurso e da tarefa deste sexa integral e gradual con un asesoramento e supervisión continuada doutro profesional de referencia da mesma categoría profesional.

Obxectivos xerais e específicos

O obxectivo xeral é asegurarse de que o profesional de nova incorporación poida poñerse ó día a nivel formativo, organizativo e normativo asegurándonos a súa inmediata incorporación evitando todo dano que unha intervención inadecuada poida causar (vitimización secundaria, mala praxis, falta de especialización, etc.).

Os obxectivos específicos enmárcanse dentro dos seguintes puntos:

- Coñecemento da documentación relacionada co programa, a normativa, o perfil, a lexislación, etc.
- Mellora na especialización en intervención con adolescentes en conflito social e as súas familias.
- Orientación e asesoramento dun compañeiro con experiencia de referencia.

Contidos específicos

Os contidos da formación son os seguintes:

- Mostra da documentación interna e externa (lexislación, normativa, etc).
- Facilitación de bibliografía específica (trauma, maltrato, adolescencia, adicións, etc).
- Seguimento completo dos casos en curso dende o ingreso ata o momento actual.
- Visionado de vídeos grabados autorizados de sesións individuais e grupais.
- Asistencia presencial a sesións psicoeducativas individuais e grupais realizadas polos profesionais do programa.
- Participación en reunións do equipo, de coordinación e de calidade.
- Incorporación ao plan de formación continua do persoal.
- Facilitación de información e flexibilidade para recibir formación externa.

Temporalización

A formación inicial desenrolarase no primeiro trimestre de incorporación, ao mesmo tempo incorporárase no plan de formación continua do persoal de Alborada mentres forme parte do equipo profesional da Asociación.

Metodoloxía

- Acolida e presentación
- Asignación dun profesional de referencia
- Inclusión nas actividades formativas iniciais
- Supervisión
- Mantemento no plan de formación continua
- Seguimento de casos e metodoloxía nas reunións de equipo e memorias mensuais e anuais do recurso

Avaliación cualitativa e cuantitativa do programa de cada actividade

Dándolle igual valor que ao plan de formación continua, farase unha avaliación mediante:

- Reunións individuais e conxuntas co Director e co profesional de referencia para o análise da evolución e integración do profesional en canto a súa capacitación formativa e de coñecemento do recurso.
- Reunións do equipo psicoeducativo con respecto a intervención coas persoas adolescentes onde se debate e intercambian dúbidas, información e propostas no análise de casos.
- Cuestionarios vinculados ao plan de formación continua do persoal de Alborada. (Adxuntos no seguinte apartado).

5. Rexistros asociados ao Plan de Formación



CUESTIONARIO PARA O ANÁLISE DE NECESIDADES DE FORMACIÓN

Estimados/as compañeiros/as:

Co obxectivo de realizar un estudo para coñecer as nosas necesidades formativas e coa finalidade de por en marcha o plan de formación do vindeiro ano, solicitamos a túa colaboración.

Todos os datos que aportes neste cuestionario serán tratados de xeito confidencial e exclusivamente para este fin.

Grazas pola túa colaboración.

Cuestionario nº:

Perfil socioprofesional

1.- Idade:

2.-Sexo: ☐ home ☐ muller

3.-Nivel formativo:

☐ Sen Estudos

☐ Estudos Primarios

☐ Educación xeral básica

☐ Técnico/a medio/a

☐ Bacharelato

☐ Diplomatura/Enxeñería técnica

☐ Certificado escolaridade

☐ Graduado/a en ESO

☐ Técnico/a

☐ Bacharelato superior

☐ Licenciatura/Enxeñería/Arquitecto/a

Cuestionario para o análise de necesidades de formación (1ª páxina)



C/ Arquitecto Pérez Bellas, 9 - Bajo 36.211 - Vigo Tlf. 986 441 688 - Fax 986 298 661 menores@alborada.org

Datos xerais do posto de traballo

4.- Sinala o dispositivo/programa da ACLAD Alborada no que actualmente estas a traballar:

5.-Grupo Profesional:

- ☐ Grupo I: Persoal Titulación superior
- ☐ Grupo II: Persoal Titulación Media
- ☐ Grupo III-A: Persoal Administrativo
- ☐ Grupo III-B: Persoal Auxiliar
- ☐ Grupo V: Persoal de Servizos

6.-Area funcional:

- | | |
|---|--|
| <input type="checkbox"/> Médico/a | <input type="checkbox"/> Mestre/a |
| <input type="checkbox"/> Psicólogo/a | <input type="checkbox"/> Administrativo/a |
| <input type="checkbox"/> Pedagogo/a | <input type="checkbox"/> Auxiliar Administrativo |
| <input type="checkbox"/> Farmacéutico/a | <input type="checkbox"/> Auxiliar de Clínica |
| <input type="checkbox"/> Enfermeiro/a | <input type="checkbox"/> Monitor/a |
| <input type="checkbox"/> Traballador/a Social | <input type="checkbox"/> Celador/a |
| <input type="checkbox"/> Educador/a Social | <input type="checkbox"/> Limpador/a |
| | <input type="checkbox"/> Outros |

Necesidades formativas

7.-Tes realizado algún curso de formación nos dous últimos anos?

- ☐ Si ☐ Non

Cuestionario para o análise de necesidades de formación (2ª páxina)

Centro de Menores

Centro de Día - Programa Ambulatorio

Aclad Alborada



XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

C/ Arquitecto Pérez Bellas, 9 - Bajo 36.211 - Vigo Tlf. 986 441 688 - Fax 986 298 661 menores@alborada.org

8.-Para o caso de resposta afirmativa na pregunta 7. Foi por iniciativa persoal ou por necesidade da empresa?

- ☐ Realicei a formación por iniciativa persoal.
- ☐ Realicei a formación por iniciativa da empresa.

9.-A formación realizada nestes dous últimos anos ten que ver directamente co teu posto de traballo?

- ☐ Si, está relacionada
- ☐ Non, non está relacionada
- ☐ Non realicei formación

10.-Valora do 1 (pouca importancia) ao 5 (moita importancia) o grao de importancia que ao seu parecer ten a formación para acadar unha mellora na eficiencia do seu traballo.

1	2	3	4	5
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

11.-Valore do 1 (pouca importancia) ao 5 (moita importancia) o grado de importancia que ao seu parecer ten a formación para acadar unha mellora na ACLAD Alborada.

1	2	3	4	5
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Cuestionario para o análise de necesidades de formación (3ª páxina)

Centro de Menores

Centro de Día - Programa Ambulatorio

Aclad Alborada



XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

C/ Arquitecto Pérez Bellas, 9 - Bajo 36.211 - Vigo Tlf. 986 441 688 - Fax 986 298 661 menores@alborada.org

12.-Cales son as principais razón polas que realizarías un curso de formación?

(Permítese múltiple resposta)

- ☐ Non realizarei cursos
- ☐ Para mellorar e perfeccionar os meus coñecementos
- ☐ Porque unha maior formación permite a promoción dentro da asociación
- ☐ Por satisfacción e interese persoal
- ☐ Para a conservación do posto de traballo
- ☐ Porque estou obrigado pola lei
- ☐ Porque mo esixe a empresa
- ☐ Outras _____

13.-Tes detectado na Asociación algún tipo de dificultade para acceder á formación?

☐ Si ☐ Non

13.-Para o caso de ter respostado afirmativamente á pregunta anterior identifica en que consisten esas dificultades

(Permítese múltiple resposta)

- ☐ Hai poucas acción formativas ofertadas
- ☐ Existe incompatibilidade co horario laboral
- ☐ Cando hai accións formativas existe limitación de prazos
- ☐ Outras _____

Cuestionario para o análise de necesidades de formación (4ª páxina)

Centro de Menores

Centro de Día - Programa Ambulatorio

Aclad Alborada



XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

C/ Arquitecto Pérez Bellas, 9 - Bajo 36.211 - Vigo Tlf. 986 441 688 - Fax 986 298 661 menores@alborada.org

14.-Das seguintes modalidades de formación, cal consideras que é a máis axeitada para realizar a formación que precisas?

(Permítese múltiple resposta)

- ☐ Presencial
- ☐ A distancia
- ☐ Teleformación
- ☐ Mixta (combinando presencial e distancia)
- ☐ Indiferente

16.-Cal consideras que é o momento máis axeitado para realizar acción formativa?:

- ☐ Dentro da xornada laboral
- ☐ Fora da xornada laboral
- ☐ Parte dentro e parte for a da xornada laboral

17.-Que tipo de actividades formativas consideras de maior utilidade e aproveitamento para resolver as túas necesidades de formación?

(Permítese múltiple resposta)

- ☐ Obradoiros prácticos
- ☐ Seminarios sobre materias específicas
- ☐ Accións formativas presenciais que combinen contidos teóricos e prácticos
- ☐ Accións formativas a distancia (sen teleformación)
- ☐ Accións formativas mixtas (a distancia con xornadas presenciais)
- ☐ Accións de teleformación
- ☐ Encontros e intercambios de experiencias

Cuestionario para o análise de necesidades de formación (5ª páxina)

Centro de Menores

Centro de Día - Programa Ambulatorio



Aclad Alborada

C/ Arquitecto Pérez Bellas, 9 - Bajo 36.211 - Vigo

Tlf. 986 441 688 - Fax 986 298 661 menores@alborada.org



XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

☐ Outras: _____

18.-Indica a túa preferencia respecto á duración das actividades formativas.

(Marca as dúas opción que consideres máis acaídas as túas preferencias)

☐ Menos de 8 horas

☐ Entre as 8 e as 12 horas

☐ Entre as 12 e as 30 horas

☐ Entre as 30 e as 50 horas

☐ Máis de 50 horas.

19.-En relación ao teu posto de traballo, consideras que o teu nivel de formación é:

☐ Superior ao que require o posto

☐ Igual ao que require o posto

☐ Menor do que require o posto

20.-Selecciona as áreas de especialización que consideras máis interesantes ou necesarias para desenvolver acción formativas e avalía do 1 (prioridade máxima) ao 5 (prioridade baixa), o grao de interese.

(marque cun X)

AREA DE ESPECIALIZACIÓN	PRIORIDADE				
	1	2	3	4	5
INTERVENCIÓN CON CONDUCTAS DISOCIAIS					
INTERVENCIÓN E PREVENCIÓN CONDUCTAS ADITIVAS					
MODELOS DE INTERVENCIÓN NO ÁMBITO ESCOLAR					
DIRECCIÓN E XESTIÓN EN CALIDADE					
PREVENCIÓN, SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABALLO					
PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN TÓDOLOS TIPOS DE VIOLENCIA					
EDUCACIÓN EN VALORES					
TRASTORNOS PSICOPATOLÓXICOS: DETECCIÓN E INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR					
INTERVENCIÓN FAMILIAR					
REDES SOCIAIS E NOVAS TECNOLOXÍAS					

Centro de Menores

Centro de Día - Programa Ambulatorio

Aciad Alborada

C/ Arquitecto Pérez Bellas, 9 - Bajo 36.211 - Vigo Tlf. 986 441 688 - Fax 986 298 661 menores@alborada.org



XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

FERRAMENTAS E ESTRATEXIAS PARA A EDUCACIÓN EN IGUALDADE					
OUTRA (INDICA CAL):					
OUTRA (INDICA CAL):					

21.-Escribe, por orde de preferencia, as accións formativas que estarías disposto a realizar, ou que consideras necesario realizar, para un mellor desenvolvemento da túa actividade laboral:

Nº Orde	ACCIÓN FORMATIVA
1º	
2º	
3º	
4º	
5º	
6º	

Grazas pola túa colaboración.



PLAN DE FORMACIÓN ENQUISA DE SATISFACCIÓN

ACCIÓN FORMATIVA

DATA DE REALIZACIÓN

VALORA DE 1 A 5 (1: insatisfacción total, 5: satisfacción total)

CONTIDO	Os obxectivos da acción formativa foron acadados	① ② ③ ④ ⑤
	Os contidos cubriron as miñas expectativas	① ② ③ ④ ⑤
	Os temas tratáronse coa profundidade que agardaba	① ② ③ ④ ⑤
METODOLOXÍA ORGANIZACIÓN	A duración da acción formativa foi adecuada ao programa da mesma	① ② ③ ④ ⑤
